

Reunido o día 17 de xaneiro de 2025, o Tribunal do proceso selectivo para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade de química (resonancia magnética nuclear), grupo III, pola quenda de acceso libre (Resolución do 10 de abril de 2024), de cara a realización do cuarto exercicio, que terá lugar o vindeiro xoves 23 de xaneiro de 2025, ás 12h na sala de videoconferencias do edificio CACTUS do Campus de Santiago de Compostela (Rúa Constantino Candeira, 1, no segundo andar, CP. 15705).

ACORDOU publicar as seguintes **instrucións e criterios de corrección**:

- A persoa aspirante deberá ir provista do DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade.
  
- Non se permitirá o acceso á aula na que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
  
- O tribunal emitirá un certificado de asistencia ao exercicio se así se precisase. Poderá solicitarse despois da realización do exercicio enviando un correo electrónico ao secretario do tribunal ([bianca.cebeiro@usc.es](mailto:bianca.cebeiro@usc.es)).
  
- Segundo o previsto no Anexo I da convocatoria, o exercicio consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 30 preguntas tipo test, máis 3 de reserva, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos non específicos do programa. O tempo para a súa realización será de 40 minutos e valorarase de 0 a 5 puntos. As preguntas adicionais de reserva substituirán, no seu caso, ás anuladas polo seu orde.
  
- As preguntas en branco e as incorrectas non descontan.

Santiago de Compostela

A presidenta do Tribunal

Verónica Gómez Piñeiro



Procedemento selectivo convocado por resolución do 10 de abril de 2024 (DOG do 22 de abril e BOE do 30 de abril) para as probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade de química (resonancia magnética nuclear), grupo III, pola quenda de acceso libre.

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VERONICA PIÑEIRO GOMEZ, NIF \*\*\*0627\*\*, 17/01/2025 13:00:47.

CSV: C0F4-F8A5-4DA7-BC00